



Guía Docente				
Datos Identificativos				2022/23
Asignatura (*)	Estancias Clínicas IV	Código	750G01028	
Titulación	Grao en Enfermería			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Cuarto	Obrigatoria	12
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos	para poder cursar esta materia es necesario tener aprobadas todas las estancias clínicas previas (I, II y III).			
Departamento	Ciencias da Saúde			
Coordinación	Varela Feal, Nuria Esther	Correo electrónico	nuria.varela.feal@udc.es	
Profesorado	Nieto Caamaño, Úrsula Pesado Cartelle, Jose Angel Varela Feal, Nuria Esther	Correo electrónico	ursula.nieto@udc.es j.pesado@udc.es nuria.varela.feal@udc.es	
Web	campusvirtual.udc.gal/			
Descrición xeral	Son estancias clínicas, correspondentes ao nivel intermedio da aprendizaxe práctica, nas que se lle esixe ao estudante un maior grao de profundización e integración dos coñecementos adquiridos. Están dirixidas á incorporación dos estudantes en institucións sanitarias de atención primaria de saúde e no ámbito comunitario. Pretende a integración de coñecementos teóricos, habilidades e actitudes en situacións reais, de saúde-enfermidade e relacionadas con individuos e familias da comunidade			

Competencias do título	
Código	Competencias do título
A62	Integrar os coñecementos, as habilidades e actitudes da enfermaría para dar a atención ás persoas nas diferentes situacións de saúde, baseados nos principios e valores profesionais, competencias de comunicación asistencial, razoamento clínico, xestión clínica e xuízo crítico asociados ás competencias descritas nos obxectivos xerais e as materias que conforman o título, en forma de rotatorio clínico independente e con avaliación final de competencias; nos Centros de Saúde, Hospitais e outros centros asistenciais.
B1	Aprender a aprender.
B3	Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo.
B5	Traballar de forma colaborativa nun equipo interdisciplinar.
B6	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional.
B7	Comunicarse de maneira efectiva en un entorno de traballo.
B8	Capacidade de análise e sínteses.
B9	Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica.
B10	Capacidade para adaptarse ás situacións novas.
B11	Capacidade e habilidade de xestión da información.
B12	Capacidade para organizar e planificar.
B13	Toma de decisións.
B14	Habilidades interpersonais.
B15	Capacidade para comunicarse con persoas non expertas na materia.
B16	Coñecer e apreciar a diversidade e a multiculturalidade.
B19	Coñecementos de informática relativos ao ambiente de estudio.
B20	Sensibilidade cara a temas medioambientais.
B22	Capacidade para motivarse e motivar a outros.
B24	Fomentar e aplicar os dereitos fundamentais e a igualdade entre homes e mulleres.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.



C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C10	CB2 Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos a seu traballo ou vocación de unha forma profesional y posúan as competencias que solen demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
C11	CB3 Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan una reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
C12	CB4 Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe		Competencias do título	
Os resultados de aprendizaxe que é razoable esperar despois de cursar estancias IV son:		A62	C1
- Competencias de traballo en equipo, facilitando que o alumnado sexa capaz de incorporarse a un equipo dende o que prestar coidados autónomos e en colaboración con outros, sen perder a perspectiva multidisciplinar		B1	C3
		B3	C4
- Competencias de comunicación e relación cos profesionais da saúde e coas persoas a quen dirixe os coidados; facendo da relación unha oportunidade para optimizar os coidados e crear relacións terapéuticas eficientes.		B5	C7
		B6	C10
- Competencias relativas ao manexo da saúde nas diferentes etapas do ciclo vital e nos problemas de saúde prevalentes, familiarizando ao alumnado cos principais problemas de saúde da poboación e o seu manexo dende a perspectiva dos coidados, pero especialmente facendo de él un axente de saúde da comunidade e un facilitador de coidados salutoxénicos ao longo de todo o ciclo de vida das persoas e familias da comunidade.		B7	C11
		B8	C12
- Competencias relativas ao manexo eficiente do proceso enfermeiro, permitindo ao alumnado que optimice co rigor e a sistematización que brinda o método de traballo dos enfermeiros, dende modelos de coidados salutoxénicos e á vez promovendo a súa capacidade de adaptarse a calquera equipo que traballe dende outra perspectiva.		B9	
		B10	
- Competencias relativas ao desempeño eficaz de técnicas e procedementos habituais que se realizan en atención primaria de saúde, sexa autónomamente ou en colaboración con outros membros do equipo, a fin de garantir un desempeño eficaz, seguro e responsable.		B11	
		B12	
- Competencias relativas á ética profesional, garantindo que o alumnado integre unha praxe respetuosa e responsable, coherente cos valores da comunidade e da profesión, que lle permitirán ser capaz de realizar un exercicio eficiente de abogacía pola saúde nos termos descritos pola organización mundial da saúde.		B13	
		B14	
		B15	
		B16	
		B19	
		B20	
		B22	
		B24	

Contidos	
Temas	Subtemas



<p>Prestación de cuidados directos a persoas e familias da comunidade, tanto dende o centro de saúde coma nos seus fogares, e baixo a supervisión e titorización dun enfermeiro, enfermeira comunitaria que traballa nun centro de saúde do Servicio Galego de Saúde.</p>	<p>En este rotatorio de práctica clínica o alumnado traballará:</p> <ul style="list-style-type: none"> - habilidades de relación e comunicación coas persoas da comunidade. - actitudes persoais que optimicen a relación terapéutica. - habilidades técnicas e procedimentais que aumenten a pericia na prestación de cuidados. - manexo e xestión de recursos da comunidade para facilitar os cuidados ás familias en diferentes escenarios sociais e sanitarios. - realización e rexistro do proceso de atención de enfermaría individual e familiar. - implementación de recomendacións derivadas da investigación na atención a crónicos. - utilización das ferramentas de xestión da información propias do sistema nacional de saúde. - características dunha conducta exemplar nun profesional de servizo no marco da ética e do ordeamento vixente.
---	--

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Prácticas clínicas	A62 B1 B3 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B12 B13 B14 B15 B16 B19 B20 B22 B24 C1 C3 C7 C10 C12	240	40	280
Aprendizaxe servizo	A62 B1 B3 B9 B10 B11 B12 B13 B14 B15 B22 C3 C4 C7 C10 C11 C12	5	10	15
Atención personalizada		5	0	5

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Prácticas clínicas	<p>As prácticas clínicas que se realizan en estancias IV constitúen unha oportunidade idónea de aprendizaxe e integración do traballo e das actitudes propias do/a enfermeiro/a comunitaria, toda vez que se producen no escenario real de coidado en que éste desenvolve a súa praxe e no marco dunha equipa multidisciplinar.</p> <p>En elas o alumnado acompaña a un/unha enfermeiro/a comunitaria do que aprende primeiro por observación, reflexión e modelado da súa conducta e progresivamente pola asunción de responsabilidades na prestación de cuidados directos ás persoas que os precisan, baixo a supervisión do/da enfermeiro/a ao que acompaña.</p>
Aprendizaxe servizo	Metodoloxía que combina o servizo á comunidade coa aprendizaxe nun só proxecto, no que o alumnado se forma traballando en necesidades reais do seu entorno coa fin de melloralo.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición



<p>Aprendizaxe servizo</p> <p>Prácticas clínicas</p>	<p>- Prácticas clínicas:</p> <p>atención personalizada dirixida a crear un espacio confiable no que o alumno poida expresar as súas dificultades ou preocupacións ao longo das prácticas clínicas e recibir orientación que lle permita acadar as competencias propostas co maior grao de satisfacción e desempeño.</p> <p>Realizarase de forma individualizada, ben de maneira presencial ou a través das ferramentas informáticas institucionais, sendo o Campus Virtual da UDC a canle principal de comunicación.</p> <p>-Aprendizaxe servizo:</p> <p>Atención personalizada que permita ao alumnado consultar dúbidas específicas e particulares que poidesen xurdir na implementación do proxecto. Realizarase de forma individualizada, ben de maneira presencial ou a través das ferramentas informáticas institucionais, sendo o Campus Virtual da UDC a canle principal de comunicación.</p>
--	---

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias	Descrición	Cualificación
Prácticas clínicas	A62 B1 B3 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B12 B13 B14 B15 B16 B19 B20 B22 B24 C1 C3 C7 C10 C12	Cumpridos os criterios de asistencia presencial, o alumnado será avaliado polo profesorado da asignatura a fin de determinar o grao en que acadou as competencias previstas, o que fará despois de recabar información do enfermeiro, enfermeira que titoriza ao alumnado.	100

Observacións avaliación



AVALIACIÓN DE ESTANCIAS IV:

O primeiro requisito para poder ser avaliado pola realización das estancias IV é, ademais de estar matriculado na materia o alumnado deberá ter superadas as Estancias Clínicas I, II e III, tal como consta na memoria do Título de Grao.

AVALIACIÓN DAS PRÁCTICAS CLÍNICAS: Asistencia: -As competencias que se pretenden alcanzar coa realización das prácticas clínicas só se poden adquirir en presenza e baixo supervisión dun enfermeiro, enfermeira comunitaria, por esta razón a avaliación queda supeditada á asistencia presencial a todas as horas prácticas planificadas, sen contemplarse o concepto de faltas xustificadas, polo que as ausencias debidamente xustificadas deberán recuperarse, sempre que non excedan o 50% das planificadas. A recuperación das prácticas realizarase no período establecido polo profesorado antes do peche de actas. As ausencias non xustificadas suporán a cualificación de suspenso. **Competencias de aprendizaxe:** -A avaliación e a emisión dunha cualificación numérica pola realización das prácticas clínicas está directamente vinculada á capacidade de alumno para alcanzar as competencias sinaladas como resultados de aprendizaxe esperados nesta guía. A cualificación será emitida polo profesorado da materia -despois de solicitar información do enfermeiro, enfermeira titor/a- mediante unha folla de valoración onde se sinalan os criterios cos que se alcanzan cada unha desas competencias ou resultados de aprendizaxe. O alumnado para superar as prácticas clínicas deberá ter realizado o 100% das prácticas, faltas de asistencia recuperadas e xustificadas e avaliación positiva dos profesionais con unha nota igual o superior a 5 (sobre 10). A práctica clínica corresponde o 100% da nota da materia. **CONSIDERACIÓNS IMPORTANTES NA AVALIACIÓN DE ESTANCIAS IV:-** O feito de presentarse no centro de saúde para a realización das prácticas clínicas -ben polo tempo completo planificado ou só parte do mesmo- implicará ser avaliado, o que supón figurar en acta como presentado coa cualificación correspondente.

- Para superar a materia o alumnado necesita alcanzar a nota mínima sinalada na materia.

- O sistema de cualificacións exprésase mediante cualificación numérica de acordo co establecido no art. 5 do Real Decreto 1125/2003 de 5 de setembro (BOE 18 de setembro), polo que se establece o sistema europeo de créditos e o sistema de cualificacións nas titulacións universitarias de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional.

Sistema de cualificacións: 0-4.9 Suspenso. 5-6.9 Aprobado. 7-8.9 Notable. 9-10 Sobresainche. 9-10 Matrícula de Honra (graciable).

AVALIACIÓN EN SEGUNDA OPORTUNIDADE:

No caso de ter SUSPENSAS as prácticas clínicas **NON SON RECUPERABLES**, está suxeito ao punto 5 do artigo 18 das **NORMAS DE AVALIACIÓN, REVISIÓN E RECLAMACIÓN DÁS CUALIFICACIÓNS DÚAS ESTUDOS DE GRAO E MESTRADO UNIVERSITARIO**. Modificada polo Consello de Goberno de 29 de xuño de 2017 que sinala:

"Nas materias que pola súa natureza avalíense exclusivamente mediante actividades non recuperables, como pode ser o caso das prácticas en empresas, o prácticum ou as prácticas clínicas, os estudantes só poderán empregar a segunda oportunidade para recuperar outras actividades como a memoria ou os informes finais». Neste caso poderase recuperar a parte de Simulación.



Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none"> - Martínez Riera JM, Del Pino Casado (2013). Manual Práctico De Enfermería Comunitaria. Barcelona: Elsevier - Formación Alcalá (2017). Enfermería Familiar y Comunitaria. Jaen: Formación Alcalá - Clavijo Chamorro MZ (2011). Educación sanitaria enfermera . Junta de Andalucía, Consejería de Cultura - Martín Zurro A (2008). Atención Primaria. Conceptos, organización y práctica clínica. Barcelona: Elsevier - Martín Zurro A, Cano Pérez J F (2014). Atención Primaria. Principios, organización y métodos en medicina de familia.. Barcelona: Elsevier - Arias Vázquez JM, Blanco Rial ML, Constenla Castro A (2005). Estandarización de cuidados de enfermería ao paciente inmovilizado no domicilio.. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. Consellería de Sanidade - Delgado Fernández R, Pérez Vázquez A, Rodríguez Iglesias FJ (2005). Manual de prevención e tratamento de úlceras por presión.. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. Consellería de Sanidade - Moorhead S, Johnson M, Maas ML, Swanson E, editoras (2014). Clasificación de resultados de enfermería (NOC). Medición de resultados en salud. 5ª ed.. Madrid: Elsevier - Bulechek GM, Butcher HK, Dochterman JM, Wagner CM, editores. (2014). Clasificación de resultados de enfermería (NIC). 6ª ed. . Madrid: Elsevier - Herdman, TH (2015). NANDA International. Diagnósticos Enfermeros. Definiciones y Clasificación. 2015-2017.. Barcelona: Elsevier - (). http://www.fisterra.com/. - (). https://www.sergas.es/. - (). https://www.agefec.org/web/. <p>A bibliografía recomendada básica para esta materia está relacionada coas materias que se recomenda ter cursadas e as que se debe cursar simultaneamente.</p>
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Nutrición/750G01009
 Farmacoloxía/750G01011
 Enfermaría Clínica (I y II)/750G01012
 Enfermaría Comunitaria I/750G01014
 Ética profesional, marco legal e filosofía do coidado/750G01016
 Enfermaría Comunitaria II/750G01019
 Farmacoterapia/750G01024
 Estancias Clínicas I/750G01025

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións



Para poder realizar as prácticas clínicas correspondentes é necesario estar matriculado na materia Estancias Clínicas IV e ter superadas as Estancias Clínicas I e II, tal como consta na memoria do Título de Grao. Para axudar a conseguir unha contorna inmediata sustentable e cumprir co obxectivo da acción número 5: Docencia e investigación saudable e sustentable ambiental e social do "Plan de Acción Green Campus Ferrol", esta materia ten en conta as recomendacións de SUSTENTABILIDADE MEDIO AMBIENTE, PERSOA E IGUALDADE DE XERO:- A entrega dos traballos ou documentos necesarios nesta materia, realizarase a través de Moodle, en formato dixital sen necesidade de imprimilos.- Teranse en conta os principios éticos relacionados cos valores da sustentabilidade nos comportamentos persoais e profesionais.- Atendendo ás distintas normativas de aplicación para a docencia universitaria, nesta materia terase en conta a perspectiva de xénero velando pola non utilización dunha linguaxe sexista na aula, nos documentos desenvolvidos na materia e nas actividades clínicas realizadas co alumnado.- Traballarase para identificar e modificar prexuizos e actitudes sexistas dentro da aula ou no contexto clínico, influíndo na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade.- Prestarase especial atención en detectar situacións de discriminación por razón de xénero e proponse accións e medidas para corrixilas.- Facilitarase a plena integración do alumnado que por razón físicas, sensoriais, psíquicas ou socioculturais, experimenten dificultades a un acceso idóneo, igualitario e proveitoso á vida universitaria.- Nesta materia, o profesorado, ten contraído o compromiso de aplicación da normativa da UDC ante situacións de plaxio.

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías